



CHARLA SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

Co motivo da celebración o próximo sábado día 12 do DÍA MUNDIAL DO CAMBIO CLIMÁTICO, a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ten convocado unha charla coloquio para **MAÑÁN XOVES DÍA 10 ÁS 20:30 HORAS** no salón da Galería Sargadelos, na rúa Oliva.

A citada charla coloquio será impartida polo Dr. Adolfo Cordero Rivera, Catedrático de Ecoloxía na Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Forestais, e leva por título:

O Cambio Climático: causas, consecuencias e ... ¿solucións?

O cambio climático é un dos maiores desafíos que ten hoxe a humanidade, pois non só está a comprometer ás persoas que dun xeito consciente ou inconsciente temos optado por un determinado modo de vida, senón que afecta tamén ás xeracións futuras. Trátase dun fenómeno que non debe deixar indiferente a ninguén, e neste sentido é importante saber como pode afectar o cambio climático á economía no seu conxunto, como nos pode afectar á economía de cada un de nós, e de que xeito pode afectar aos distintos sectores sociais, aos sistemas costeiros e a pesca, á agricultura, ao turismo,...

Tal e como se pode deducir do título, coa charla preténdese non só contribuír a mellorar o coñecemento sobre o fenómeno do cambio climático, senón tamén a identificar cales son as causas que o producen, o xeito no que inflúe a actividade humana neste proceso e cal é o grado de responsabilidade que cada quen de nós temos no mesmo. Ao mesmo tempo, o profesor Cordero abordará as consecuencias deste fenómeno no noso medio, sobre o planeta Terra, debuxando as posibilidades que temos de frear este cambio climático, de dar solucións a este importante problema. Neste sentido, semella non ser moi optimista o Dr. Cordero a este respecto, ou así o fai pensar polo menos a utilización dos signos de interrogación presentes no título da charla.

Pontevedra, 9 de decembro de 2009

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR